

# EL QUINTO

↓ Enma Méndez

Un filo de luz colábase entre as contras pechadas, cayendo como un feixe de motías de polvo nel piso da sala. As portas zarradas dos cuartos nun deixaban pasar máis claridá qu'úa rayía por baxo d'ellas que nun chegaba a allumar nada. Nunca tan silenciosa ye parecera a casa, condo hasta el cruxido dos pasos del escaleira perdíase na grandura vacía das habitacióis. Un ruído baxóu hasta él del desván y un asomo d'esperanza fixoye seguir escaleiras arriba en busca da luz y del ruído que sintira. Pro tamén el desván taba vacío; a ventá del camín aberta movía ás veces úa taza que daquén esqueicera na soleira. Escaleiras abaxo outra vez, volvéu á sala que, despós da claridá qu'anagaba el desván, parecía inda máis moura, y paróuse nel último paso pr'avezarse al escuridá y distinguir as veiras das cousas apiladas nella.

Entre el balcón y a ventá que miraban al frente taba el telar sin vida, parao como un escultura sin sentido nel mitá da sala, úa tela a medias de fer, as madeixas na cesta debaxo d'él; núa silla de rexilla, al outro llao del telar, un bastidor nel que daquén tuvera bordando úa sábana y nel tarrén úa muñeca de trapo con pelo feito de lla. ¿Únde iba toda a xente? Nun vira a naide pol camín desde a xeneral á casa, que xa era abondo raro, y tampouco había naide na casa. Baxóu outra vez á cocía, tamén coas contras entornadas, y el único qu'encontróu foi úa pita que, aproveitando a porta aberta, colárase dentro buscando qué comer; na corte úa das vacas ou el mulo secudía a cadía, pro tampouco había naide por allí. Volveu al pasillo unde deixara el petate y quedóuse mirando pra él, sin saber qué fer. Nel pico del pranchón inda taba temprao el café y na mesa el última carta que yes mandara anunciándoyes cómo contaba chegar.

Nel silencio tan raro que se sintía resonóuye na cabeza, case como un dolor, úa campanada que quedóu flotando como un eco dentro da casa valleira hasta qu'outra chegóu ferye compañía un pedacín despós qu'a él ye parecera un siglo. Detrás da segunda campanada chegóu outra un pouco máis axina y el son que formaban foi coyendo xeito pras súas oreyas. As veyas campás del igresía taban tocando desde alló embaxo del pueblo unde quedaba el "hoi vas tu" dos enterros, pro condo se foi dar cuenta xa pasaran nun sabía cóntas campanadas pra pñerse a contallas y saber a lo menos se era muyer ou home quen morira. Indo todos os da casa, ou era parente ou era daquén d'importancia, porque tampouco nun parecía que tuvese na casa nengún dos vecíos. Acordóuse entoncias da vecía aquela que taba baldada, que seguro que nun la levaran tamén a ella, fose quen fose quen morira, y salíu camín da súa casa. Encontróula, como contaba, sentada na co-

ría nel sillón con bacenilla que ye tían pra nun ter qu'andar al tanto d'ella pra que fixese el que necesitase fer, col rosario entre os didos bisbisando os paternoster y as avemarías.

—Ui, qué sorpresa que chegache xa. Xa mo dixera túa madre qu'igual chegabas hoi. Pos si que la acertache... ¿Xa tocaron a morto? Parecérame sentir... Tu nun saberás quén moríu, ¿verdá? Pos claro que non, acabando de chegar... Anque, indo todos alló, xa podes ir pensando quén puido ser... ¿Nun cais? Claro, con eso de que mala herba..., naide iba dar nél, pro tocóuye, como a todos; que por muito que quixese ser, nun era diferente dos demás, que nun hai xente d'outra carne que nun s'acabe, por muito dotor y muitas melecías que se podan pagar... Xa sabes quén foi, ¿eh? Pro nun teñas medo, que xa ten quen ye acupe el sito y qu'inda lo vei fer bon a él, ¿ou pensas que se non ibá irye tanta xente al enterro? Pro sei ben eu qu'el mitá tán rezándoye al rovés, que bon era y búas las ten feito a todo el pueblo... Pro xa deben vir ei, pol baruyo que se sinte. Vei, vei prá casa daryes a sorpresa y volve condo quiras, que terás muitas cousas que contar del viaxe y d'alló... Case encontrarías máis vecíos allí que xente desconocida, conforme los chaman dafeito... Bueno, veite xa.

Eso era el que tía a vecía, que condo arrancaba a falar nun había quen abrise a boca nin pra contestarye, pro tamén era verdá que gracias a ella s'enterara del que quería saber.

Condo taba chegando á casa xa soubo que volveran y que viran el petate nel pasillo conforme sintía desde fora abrise y pechase as portas y hasta chamallo. Agora si iban recibillo como esperaba, con toda a familia alrededor pra contarye todo conto pasara nel tempo que nun tuvera, sacarye os cambios que tía y todas esas cousas que se fían condo ún chegaba á súa casa despós de tempo fora d'ella. Abríu a porta y case nun ye deu tempo a ver al ermá pequena que chegaba al fondo del escaleira, condo se ye tiróu encima chuchándolo y abrazando nél case chorando mentras chamaba a os outros. 

